

A Folga Xeral Feminista na Coruña e Lugo. Nota de prensa

A **CGT**, que convocou unha Folga Xeral Feminista de **24 horas** este 8 de marzo, informa do seguinte:

A situación xeral de seguemento na provincia da Coruña é satisfactorio, tendo en conta que a CGT non é un sindicato maioritario e a difusión do seu mensaxe estivo moi limitado. A pesar disto, informamos de que o paro é un éxito no sector de telemárquetin, cos seguintes datos concretos naquelas empresas e sectores onde a **CGT** ten implantación:

Extel (A Coruña): 80% de seguemento
Atento (A Coruña): 40% de seguemento
Abante (Lugo): 70% de seguemento

En **Correos** da provincia da Coruña, o seguemento foi notable, chegando ata o 20%. Nesta empresa, a **CGT** conseguiu paralizar o intento da dirección de organizar a esquirolaxe interno obrigando a non folguistas a facer o traballo do persoal en folga. Tras unha hora de loita, a empresa retirou dita pretensión.

En **Adif** establecéronse servizos mínimos abusivos, o que provocou que practicamente todo o persoal teña a obriga de traballar. O mesmo pasa en **Renfe**, cun 75% de servizos mínimos.

En **Navantia** (Ferrol) estímase o paro nun 15%, ao igual que nos servizos administrativos da **Xunta** de Galicia.

En xeral, a **CGT** da Coruña considera satisfactorio o seguemento da folga e ten que denunciar o seguinte:

- A imposición de servizos mínimos abusivos, superiores aos doutras xornadas de folga, a pesar das reiteradas sentenzas que, en ocasión anteriores, declararon a ilegalidade destes servizos. Esta imposición, tanto en Renfe como en Adif, imposibilita o exercicio real do dereito á Folga. - A presión que están sufrindo moitas traballadoras, ás que se lles aplican servizos mínimos inexistentes, como no caso do persoal da limpeza de oficinas, avións e zona VIP no aeroporto de Alvedro.

A **CGT** da Coruña fai un chamamento á participación masiva na **manifestación que sairá do Obelisco da Coruña ás 19:30 horas**.

CGT da Coruña, 08 de marzo de 2019